

XUSTIFICACION FUNCIONAL COMPLEMENTARIA (Requirimento D.X. Simplificación Administrativa)

En atención ao requirido pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa o 15-12-2022, para os efectos de continuar coa tramitación da proposta da RPT desta consellería, cómpre engadir a seguinte xustificación funcional complementaria á que xa se remitiu no seu momento coa solicitude inicial, aclarando aqueles extremos ao que se refire este requirimento nos seguintes termos:

1. Modificación non derivadas do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo).

1.1. Xustificacións concreta e individualizada das supresións propostas:

Na memoria principal avanza unha motivación específica pero xenérica para todas as prazas baseada principalmente na necesidade de abordar unha axeitada optimización dos recursos da consellería, coa finalidade de crear outras prazas que se consideran máis prioritarias así como financiar as modificacións oportunas, suprimindo prazas de difícil cobertura e escasa operatividade no marco da aplicación das novas tecnoloxías e establecemento de procedementos electrónicos na actuación administrativa derivadas do novo procedemento administrativo, creando outras prazas mais operativas e de mellor cobertura que se axustan mellor as necesidades funcionais actuais.

Afondando máis nesta xustificación inicial, como xa se fixo na anterior proposta aprobada con ocasión do decreto de estrutura anterior desta consellería e se argumentou na xuntanzas coas organizacións sindicais en contestación a unha hipotética destrución de emprego neto, cómpre indicar que o que se produce é unha optimización dos recursos dispoñibles, suprimindo esencialmente postos de difícil cobertura así como outros postos que non son necesarios por razóns funcionais, polo que dende unha perspectiva cualitativa, atendendo as necesidades reais da administración, non se destrúe emprego, créanse postos de maior cualificación conforme as necesidades actuais.

Determinadas prazas non resulta posible cubrilas de xeito provisional mediante comisión de servizos nin a través de procedementos ordinarios de provisión, concurso de traslados, polo que se produce un desaxuste entre as necesidades da consellería e os efectivos dispoñible. Así sucede principalmente cos postos de xefatura de grupo que finalmente quedan sen cubrir nos concursos de traslados e anunciados en comisión de servizos non se solicitan. Nesta proposta os postos afectados son seguintes:

código	Denominación	Tipo	Grupo	nivel
ED.201.00.002.15770.071	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.301.00.002.15770.023	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.401.00.000.15770.035	XEFATURA GRUPO	F	C1	14



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: EDD-012022

ED.401.00.000.15770.036	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.401.00.000.15770.037	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.402.00.001.15770.025	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.402.00.001.15770.026	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.402.00.002.15770.031	XEFATURA GRUPO	F	C1	14
ED.402.00.002.15770.033	XEFATURA GRUPO	F	C1	14

Por outra banda, a dixitalización da actuación administrativa introducida xa pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas así como a obrigatoriedade de relación entre administracións por medios electrónicos que determina a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas normas de desenvolvemento destas leis, especialmente as que regulan a actuación dixital da administración e o rexistro electrónico, veñen a supor unha notable transformación de determinados postos, reducindo a súa operatividade e necesidade, como é o suposto dos postos de auxiliar administrativo.

Neste proceso de dixitalización administrativa, que se viu acelerado pola incidencia do Covid-19, as relacións electrónicas coas persoas administradas e a irrupción definitiva do réxime de teletraballo, supón esencialmente unha predeterminación dixital de todos os procedementos e actuacións administrativos así como a practica desaparición da documentación física, sendo por tanto neste contesto preciso contar con outros postos cunha maior cualificación prestar un mellor servizo. Con este propósito propónse a supresión destes postos:

código	Denominación	Tipo	Grupo	nivel
ED.201.00.000.15770.015	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
ED.201.00.000.15770.022	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
ED.201.00.000.15770.026	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
ED.201.00.000.15770.027	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
ED.201.00.000.15770.028	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
ED.402.00.000.15770.010	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
ED.C99.40.301.27100.001	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	14
ED.C99.40.301.27190.001	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	14
ED.C99.40.302.15350.001	XEFATURA SECRETARÍA CENTRO EDUCATIVO	F	C2	18

So se amortiza un único posto nun centro docente, que é o ED.C99.40.302.15350.001, do IES "CONCEPCIÓN ARENAL" (FERROL) respecto do cal cómpre mencionar expresamente, como se require, que quedan salvagardados as necesidades do centro co resto dos efectivos. Ademais esta supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994.

Respecto do resto das supresión indicar, como xa se dixo, que son prazas vacantes e non teñen incidencia na prestación do servizo.

1.2. Xustificacións das creacións non derivadas do decreto de estrutura

Segundo o escrito de requirimento cómpre afondar na xustificación das creacións dos seguintes postos:



código	denominación	tipo	grupo	nivel
ED.401.00.001.15770.003	XEF. NEGOCIDO DE RELACIÓNS COAS UUVV	F	A2	18
ED.701.00.001.15770.023	XEFATURA NEGOCIADO	F	A2	18
ED.701.00.001.15770.025	XEFATURA SECCIÓN	F	A1	25
ED.701.00.001.15770.027	XEFATURA NEGOCIADO II	F	A2	18
ED.801.00.001.15770.003	XEFATURA SECCIÓN	F	A1	25
ED.801.00.001.15770.025	XEFATURA DE NEGOCIADO ACREDITACIÓN	F	A2	18
ED.819.10.000.32001.005	XEFATURA NEGOCIADO	F	A2	18
ED.819.10.000.32001.010	SUBALTERNO	F	AP	10
ED.819.10.000.32001.011	SUBALTERNO	F	AP	10
ED.901.00.002.15770.015	XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO	F	A1	25
ED.901.00.002.15770.026	XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO	F	A1	25
ED.901.00.002.15770.042	XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO TÉCNICO	F	A1	25

1.2.1. En relación co posto de ED.401.00.001.15770.003, XEF. NEGOCIDO DE RELACIÓNS COAS UUVV, destacar que xa se avanza ma memoria funcional que esta creación xustificase na necesidade do contar cun efectivo a este nivel de responsabilidade, xefatura de negociado, para asumir as xestión das funcións da consellería no ámbito das relacións entre as diferentes universidades e destas coa propia consellería.

Á Secretaría Xeral de Universidades correspóndelle, entre outros cometidos, promocionar e xestionar eficiente, de xeito integrador, os recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia para a súa posta en valor no marco do Sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación, necesitando para desenvolver funcións de apoio neste cometido o posto que se crea.

1.2.2. Respecto dos postos ED.701.00.001.15770.023 XEFATURA NEGOCIADO, ED.701.00.001.15770.025 XEFATURA SECCIÓN e ED.701.00.001.15770.027 XEFATURA NEGOCIADO II, engadir que se crean na Dirección Xeral de Ordenación Educativa para dotar este órgano directivo dos efectivos necesario para asumir as competencia e función que lle atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no ámbito da ordenación do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, así como de xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros educativos, en coordinación e con independencia das competencias concorrentes que poidan ter outros órganos da Consellería ou doutras consellerías, emendando así un déficit de persoal arrastrado da anterior estrutura.

1.2.3. Os postos que se indican de seguido créanse todos na Dirección Xeral de Formación Profesional:

código	denominación	tipo	grupo	nivel
ED.801.00.001.15770.003	XEFATURA SECCIÓN	F	A1	25
ED.801.00.001.15770.025	XEFATURA DE NEGOCIADO ACREDITACIÓN	F	A2	18
ED.819.10.000.32001.005	XEFATURA NEGOCIADO	F	A2	18

Esta dirección xeral incorporase a estrutura desta consellería de novo, dotándoa en gran medida con postos xa existentes na consellería, pero sendo necesario proceder a creación doutros para prestar funcións de apoio no desenvolvemento dos cometidos asignados polo Decreto 119/2022, do 23 de xuño.



En conclusión trátase dun centro directivo novo que se dota principalmente con postos xa existentes, pero que estes non resultan suficientes para abordar as competencias e funcións asignadas na nova estrutura, polo que se procede a creación das prazas indicadas máis arriba con esta finalidade.

- 1.2.4. No escrito de requirimento cítanse como creacións as prazas de subalterno, ED.819.10.000.32001.010 e ED.819.10.000.32001.011, que non son realmente creacións, senón traslados de efectivos que non son necesarios nas súas unidades actuais pero que cómpren para prestar funcións de apoio no novo destino.

Na xustificación funcional principal detállase a xustificación do traspaso ao Centro Galego da Innovación da Formación Profesional do posto ED.819.10.000.32001.010 de Subalterno/a do I.E.S. "XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO" de Póboa de Trives, código ED.C99.40.301.32620.003, indicando neste traspaso téñense en conta ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994, quedando este centro con dotación de persoal suficiente para asumir as súas funcións. Engadese ademais que se traspasa co código ED.819.10.000.32001.010, mantendo o resto das súas características. O posto esta vacante e sen ocupar, non xerándose por tanto ningunha situación de mobilidade xeográfica. É dicir, non é unha creación senón un traspaso dun efectivo vacante.

Nos mesmos termos faise mención expresa ao traspaso do posto de subalterno ED.819.10.000.32001.011 que tampouco é unha creación. Neste caso o posto provén do I.E.S. "FRANCISCO AGUIAR" (BETANZOS), código ED.C99.40.301.15090.004. Igual que no suposto anterior indícase que se manteñen ás rateos de efectivos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994, quedando este centro con dotación de persoal suficiente para asumir as súas funcións. O código derivado desta incorporación ao Centro Galego da Innovación da Formación Profesional é ED.819.10.000.32001.011, mantendo o resto das súas características. Igualmente vacante e sen ocupar, polo que tampouco se produce ningunha situación de mobilidade xeográfica.

- 1.2.5. Respecto dos postos que se indican de seguido cómpre engadir o seguinte:

código	denominación	tipo	grupo	nivel
ED.901.00.002.15770.015	XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO	F	A1	25
ED.901.00.002.15770.026	XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO	F	A1	25
ED.901.00.002.15770.042	XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO TÉCNICO	F	A1	25

Polo que respecta ao posto **Xefatura de Sección de Apoio, código ED.901.00.002.15770.015**, no Servizo de Servizo de Profesorado de Educación Infantil e Primaria, cómpre insistir nas razóns adiantadas na memoria principal, ou sexa, a necesidade de dotar a esta unidade dos efectivos necesarios para asumir as competencias que ten asignadas no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, especialmente en relación coa carga de traballo derivada dos procesos administrativos que afectan ao persoal docente de infantil e primaria.

Isto tamén pode afirmarse no caso da **Xefatura de Sección de Apoio, código ED.901.00.002.15770.026**, neste caso no Servizo de Servizo de Profesorado de Educación Infantil e Primaria. Tamén aquí as razóns da creación son as mesmas pero noutra unidade, é dicir, dotar a esta unidade dos efectivos suficientes para asumir as



competencias que ten asignadas no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, especialmente derivado da carga de traballo que se deriva dos procesos administrativos que afectan ao persoal docente de educación secundaria, formación profesional e de réxime especial.

Pola súa banda, no Servizo de Persoal de Administración e Servizos, a creación do posto **de Xefatura de Sección, código ED.901.00.002.15770.042, da administración xeral coa área funcional "PERSOAL"** e para o mesmo fin nesta unidade, dotándoa dos efectivos necesarios para asumir as competencias que ten asignadas no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, especialmente derivado da carga de traballo que se pode derivar dos procedementos de estabilización e funcionarización, e do volume de expedientes en materia de persoal.

1.3. Respecto da observación referida ao **Centro Galego da Innovación da Formación Profesional** compre aclarar o seguinte:

No apartado 1.2.3. faise referencia a unha das creacións que establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, concretamente o **Centro Galego da Innovación da Formación Profesional**. É dicir, créase este centro novo e dótase con tres efectivos:

- Un posto de Xefatura de Negociado, nivel 18, código ED.819.10.000.32001.005, aberto aos subgrupos A2, C1 e C2, da Administración Xeral, que se crea novo nos termos que se mencionan no apartado 1.2.3.1.
- Dous postos de subalterno que se **traspasan** do I.E.S. "XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO" de Póboa de Trives (código ED.819.10.000.32001.010) e do I.E.S. "FRANCISCO AGUIAR" (BETANZOS) (código ED.819.10.000.32001.011) nos termos indicados nos apartados 1.3.4.3.2 e 1.3.4.3.3 respectivamente, facéndose mención expresa ao cumprimento das rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994, quedando os centros con dotación de persoal suficiente para asumir as súas funcións.

Por tanto, consideramos que debe suprimirse a mención da creación da Xefatura de Negociado código ED.819.10.000.32001.005 do apartado 1.3.4.3.1, dado que xa se xustifica anteriormente no apartado de creacións no punto 1.2.3.1.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

